COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE ABELENDO

Curso 2022-2023

| 1. Identificación |
| --- |
| Título da tarefa: O castigo do faraón |

| | | | |
| --- | --- | --- | --- |
| Etapas | Educación primaria | Niveis | 1º e 2º |
| Áreas | Ciencias Sociais, Lingua Galega e Literatura | Mestres | Victoria Castillo, Patricia Merchán e Manuel Santiago |

| Descrición da tarefa |
| --- |
| O obxectivo do obradoiro é achegarse á cultura e a vida do Antigo Exipto para crear e incorporar á biblioteca do centro un xogo de mesa inspirado nun xogo tradicional exipcio. |

| Xustificación da tarefa |
| --- |
| A tarefa permítenos achegarnos ao pasado e investigar sobre o Nilo, a sociedade exipcia, os seus xogos, os xeroglíficos, as momias, as pirámides… Todo isto desde unha narrativa inmersiva que pon ao alumnado como protagonista do seu propio conto, grazas á cal irán avanzando nas súas investigacións e coñecementos. |

| Contexto |
| --- |
| O alumnado poderá comparar a vida do Antigo Exipto co presente e a súa propia vida. Como produto final contribuirán ao enriquecemento da biblioteca do centro cun xogo de preguntar sobre a devandita época histórica inspirado no *mehen*, de xeito que poida ser compartido e desfrutado por toda a comunidade educativa. |

# 2. Concreción curricular

| Actividades | Criterios avaliación (1º EP) | Estándares (2º EP) |
|---|---|---|
| **Día 1: Anuket** | | |
| Introdución: O tesouro do faraón<br>Lectura: Exipto, o país do Nilo<br>Lectura: A xente do Nilo<br>Vídeo: A pirámide social do Antigo Exipto<br>Actividade: Reconstrución da pirámide social | **LGL:**<br>• CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.<br>• CA5.3 Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.<br><br>**CCSS:**<br>• CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero | **LGL:**<br>• LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.<br>• LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal.<br><br>**CCSS:**<br>• CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. |

| | | |
|---|---|---|
| **Día 2: Thot** | | |
| Lectura: Os xeroglíficos<br>Actividade: O contrasinal<br>Actividade: Escribir o nome con escritura xeroglífica | **LGL:**<br>• CA3.5. Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os | **LGL:**<br>• LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer |

| | | |
|---|---|---|
| Xogo: Memory xeroglífico | coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía<br><br>**CCSS:**<br>• CA1.2. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións | <br><br><br>**CCSS:**<br>• CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. |

| **Día 3: Bastet e Mesjenet** | | |
|---|---|---|
| Vídeo: As casas do Antigo Exipto<br>Xogo: Test de comprensión oral con Plickers<br>Lectura: Os nenos no Antigo Exipto<br>Xogo: Verdadeiro ou falso | **LGL:**<br>• CA2.1.Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementosnon verbais elementais.<br>• CA3.3. Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura | **LGL:**<br>• LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.<br>• LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). |

| | | |
|---|---|---|
| | **CCSS:**<br>• CA1.2. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando prediccións | **CCSS:**<br>• CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. |

| **Día 4 : Satet** | | |
|---|---|---|
| Lectura: Modelo de carta de desculpa ao faraón<br>Redacción: Carta de desculpa ao faraón (papiro) | **LGL:**<br>• CA5.7. Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria<br>• CA6.3. Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.<br>**CCSS:**<br>• CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero | **LGL:**<br>• LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia<br>**CCSS:**<br>• CSB4.3.1.Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. |

| **Día 5 : Inpu (Anubis)** | | |
|---|---|---|
| Lectura: Como se fai unha momia? + esquema visual dos pasos | **LGL:**<br>• CA4.5. Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes<br><br>**CCSS:**<br>• CA1.2. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicción<br> | **LGL:**<br>• LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.<br><br>**CCSS:**<br>• CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. |
| Actividade: Elaboración dunha momia de plastilina e papel seguindo as instrucións | | |

| **Día 6: Osiris** | | |
|---|---|---|
| Redacción: Elaboración de preguntas para o *mehen* | **LGL:**<br>• CA3.1. Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.<br><br>**CCSS:**<br>• CA1.2. Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando prediccións<br>• CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero | **LGL:**<br>• LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada<br><br>**CCSS:**<br>• CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. |
| Xogo: Test final con Plickers | | |
| Entrega de cetros e flaxelos | | |
| **Autoavaliación.** | | |